

CONCELLO
DE VIGO



NOITE

MÚSICA

CURIOSIDADES

VIGO

SO

LI

TA


XULLO / AGOSTO

20
25

ALCABRE

E

PATRIMONIO





CURIOSIDADES SOLITA

É VN PROXECTO CVLTVRAL QUE SE DESENVOLVE **TODOS OS VENRES DE XVLLLO E AGOSTO** NO QUE A PROTAGONISTA É A **MÚSICA EN DIRECTO** DE PEQVENO FORMATO, NVN ENCLAVE, VILLA SOLITA, REHABILITADO POLO CONCELLO DE VIGO PARA RECVPERAR VNHA PARTE DO NOSO PATRIMONIO E HISTORIA DA CIDADE E CONVERTELO NVN ESPAZO DE ENCONTRO DE **ACTIVIDADES CVLTVRAIS E ARTÍSTICAS.**

En 2025 presentamos para **CURIOSIDADES SOLITA** unha proposta que segue a liña de anos anteriores, cunha programación caracterizada pola intervención de grupos novos ou artistas con referencias musicais pouco comúns e/ou diferenciadoras.

Nesta **VI edición** mesturaremos a música urbana a través do rap e o hip hop con metal, soul e funk e canción de autora máis íntima e espida, co fin de mostrar ao público un grupo de artistas de diferentes xeracións e estilos, pero que teñen no seu ADN unha proposta musical reflexo das súas experiencias e inquedanzas.





DATA

4 DE XULLO

COMEZO DO CONCERTO

21:00h



IGMIG SON DEAS BANDAS QUE NON SE EXPLICAN, EXPERIMÉNTANSE. O TRÍO VIGVÉS LEVA TEMPO ARRASANDO EN SALAS DE TODO O PAÍS, PENDVRANDO O CARTEL DE "SOLD OUT" CON CADA APARICIÓN.

No seu último disco, Revolución, levan a súa fórmula ao límite: electrónica mutante, humor afiado e esa teatralidade marciana que xa é marca da casa. Cada tema é unha sacudida: distopía kitsch, festa posmoderna e retranca en vena.

A súa proposta é unha marabilla inclasificable que mestura espírito punk, verbena galáctica e performance sen rede. IGMIG non fai música: detona realidades paralelas con ritmo, ruído e risa. E o mellor de todo... é que funciona.





DATA

11 DE XULLO

COMEZO DO CONCERTO

21:00h



LAW É VNHA ARTISTA MVLTDISCIPLINAR DO BARRIO DE COIA. AS *SÚAS* COMPOSICIÓNS XVNTAN INFLVENCIAS DO R&B, O REGGAE, O HIP-HOP E O PSYTRANCE.

Mediante a súa obra, a artista viguesa sinala as desigualdades do mundo, á vez que explora e desentraña o seu propio, reivindicando a volta á esencia e conectando ás personas a través da arte.

LAW presentará en Solita o seu novo EP, no que explora sonoridades electrónicas e urbanas, xunto cos seus últimos singles, xa dispoñibles en plataformas dixitais. Cunha posta en escena potente e coidada, ofrecerá un concerto vibrante, no que amosará a evolución do seu son e a súa personalidade artística cada vez máis consolidada.





DATA

18 DE XULLO

COMEZO DO CONCERTO

21:00H



**SALTY PEPPER NACE EN VIGO DVNHA FVSIÓN
CVLTVRAL E MVSICAL COA QUE OS LEVARÁ DE
VIAXE POLOS CLÁSICOS DESDE AS DÉCADAS DOS
70's ATA A ACTUALIDADE.**

Soul, Funk, Rock&Roll, Pop... Bo roio, boa música e un espectáculo electrizante no que estades invitados a bailar e a sentir o groove de todos os estilos que a banda traerá en vivo.



CVRIOSIDADES/

SOLITA



DATA

25 DE XULLO

COMEZO DO CONCERTO

21:00h



**ARSON TIDES É VNHA BANDA DE METALCORE
DEPRESIVO E PROGRESIVO QUE NACEV NAS BEIRAS
DA RÍA DE VIGO, CUN ENFOQUE FRESCO E
TÉCNICO, CON MELODÍAS COMPLEXAS
E RIFFS CONTUNDENTES E CRÚS.**

As súas letras teñen un marcado carácter emocional
xunto a unha posta en escea contundente que transporta
ao público á psique dos artistas.

“Misfortune” o seu primeiro longa duración que será
publicado neste 2025 deixanos ver unha clara mostra da
súa evolución artística a través dos seus primeiros adian-
tos, sendo Grievance e Parasite mostras da súa contun-
dencia, e Sunset unha porta ao paisaxe intimista que
tratan de crear.





DATA

1 DE AGOSTO

COMEZO DO CONCERTO

21:00H

NADIE GON ZALEZ

MC, RAPEIRA, ÁS VECES PRODVTORA E CASE SEMPRE AVTODIDACTA. ESTA VIGVEJA DE CANDEÁN, COMEZA A SÚA ANDAINA NO MVNDO DA MÚSICA E O HIP HOP EN 2018 EN SOLITARIO ACOMPAÑADA DE LV.KO.ALA COMO DJ E CON NAHGGA NOS COROS EN 2021.

En maio de 2024 publica o seu primeiro álbum “Noctiluca Scintillans”. Influenciada pola poesía de Xela Arias, Rosalía, Alejandra Pizarnik, Alfonsina Storni ou Idea Vilariño, as súas líricas abordan temas como a ruralidade, a dor, a saúde mental, o feminismo ou o sentimento de comunidade.

Sempre de carácter fortemente intimista, as suas letras válense de imaxes que evocan á Galiza das periferias, construindo a través de metáforas un universo cheo de códigos propios onde abundan as referencias á nosa natureza e á idiosincrasia galega.





DATA

8 DE AGOSTO

COMEZO DO CONCERTO

21:00h



COCHAMBRÉ É VN CVARTETO DE DEATH METAL ORIXINARIO DA CIDADE DE VIGO. XORDEN EN 2004 PERO NON É ATA 2012 QUE DECIDEN IR EN SERIO CO PROXECTO.

Tres LP, varios singles, un par de EP e moitos quilómetros recorridos entre España e Portugal. Actualmente o forman David García como vocalista, Brais Koecklin como guitarrista, David Rodríguez como baixista e Renato Aleixandre como batería.

Ao longo da súa traxectoria, Cochambre compartiu cartaz e escenario con bandas destacadas como Incantation, Nashgul, Balmog, Hongo, Trallery, Angelus Apatrida o Aneuma, entre moitas outras, consolidándose como un referente na escena do metal galego.





DATA

15 DE AGOSTO

COMEZO DO CONCERTO

21:00H

SOFÍA ESPIÑEIRA

SOFÍA ESPIÑEIRA CANTA E COMPÓN DENDE A RAÍZ. ARTESA DE CANCIÓNS E ARTISTA MULTIDISCIPLINAR, AS SÚAS COMPOSICIÓNS COMBINAN O LATEXO DAS MÚSICAS DO MUNDO XUNTO COA CANCIÓN DE AUTORA MÁIS ÍNTIMA E ESPIDA.

Tras o camiño feito nos escenarios co seu disco debut “Alá onde agroman as herbas”, inicia neste 2025 a súa segunda viaxe musical: “Xeografías”, un canto ás paisaxes que nos percorren e das que somos parte.

Xunto a Guillermo Alzugaray no violoncello, Sofía Espiñeira ofrece un directo con matices íntimos e atmósferas diversas, onde se suceden as historias, a conversa co público, a proximidade e posta en escena dunha artista ecléctica.





DATA

22 DE AGOSTO

COMEZO DO CONCERTO

21:00h

AMORODO

AMORODO FAI HIP HOP EN GALEGO DENDE 2018, MESTVRANDO RAP NOVENTEIRO, REGGAETÓN E TRAP CVN ESTILO PROPIO E LETRAS XERACIONAIS.

Gañador do Xuventude Crea 2020, leva publicados “Pancentrismo” (2021), “OMSA” (2023) e o seu novo EP “Tregua” (2025), un traballo íntimo no que recolle reflexións persoais durante a súa particular tregua da música.

Ten colaborado con artistas como Sara Faro de Fillas de Cassandra, García MC ou Filloas, consolidándose como unha das voces máis orixinais do rap galego actual.



XVLLLO

IGMIG_{04/07} / LAW
11/07 / SALTY PEPP
ER_{18/07} / ARSON T
IDES_{25/07}



AGO/TO

NADIE GONZÁL
EZ_{01/08} / COCHAMIB
RE_{08/08} / SOFIA ES
PIÑEIRA_{15/08} / AMO
RODO_{22/08}

TODOS OS CONCERTOS
COMEZAN ÁS 21:00H

CVRIOSIDADES/
SOLITA